



OFRENDA DA TRANSLACIÓN DO APÓSTOLO SANTIAGO

DELEGADO REXIO, XOSÉ SÁNCHEZ BUGALLO, ALCALDE DE SANTIAGO

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Apóstol Santiago,

Acabo este extraño 2021 compareciendo ante ti en nome de su majestad El Rey Felipe VI, a quien agradezco haberme nombrado delegado regio en esta Ofrenda de la Traslación. La vinculación de la Casa Real con Santiago es patente y conocida, y no hace más que refrendarse año tras año.

La presencia de sus majestades el 25 de julio de 2020 y de 2021 pone de manifiesto el afecto que siempre demostraron por Santiago y por sus habitantes, y el apoyo a sus símbolos más universales, la Catedral y el Camino, los que le han dado a la ciudad la significación histórica que hoy atesora.

Quiero dar las gracias también al Arzobispo de la ciudad, que, como cada año por estas fechas, nos acoge en su casa.

Esta Basílica llega hasta nuestros días con un renovado esplendor, tras años de rehabilitación. Precisamente esta semana la Fundación Catedral, cuyo patronato está presidido por el Arzobispo de Santiago, recibía el Premio Patrimonio de las Ciudades Patrimonio de la Humanidad de España por su proyecto de restauración y rehabilitación del conjunto histórico-monumental de la Catedral.

Este necesario y prolijo trabajo, el de mayor complejidad de los ejecutado en la Catedral de Santiago en sus más de ocho siglos de historia, arrancaba en el año 2008 gracias a la colaboración público-privada entre instituciones como el Gobierno Central, la Xunta de Galicia y el Ayuntamiento de Santiago de Compostela, a través del Consorcio, y entidades como las Fundaciones Barrié o Iberdrola.

Todas estas actuaciones de rehabilitación y restauración han sido estudiadas, analizadas y ejecutadas por un equipo multidisciplinar compuesto por profesionales de diversos ámbitos: arquitectos, restauradores, arqueólogos e historiadores de la máxima categoría, que han utilizado materiales y pigmentos naturales compatibles con las estructuras y las policromías originales de los frescos que alberga el interior del templo.

El resultado ha sido excelso y permitirá a esta joya del patrimonio mundial encarar el futuro con renovada fuerza y belleza para acoger en su seno a los millones de peregrinos y de fieles que están por llegar.

Este trabajo es el ejemplo de lo fructífera que resulta la colaboración institucional entre administraciones y entre lo público y lo privado, y los enormes beneficios que ello reporta a la ciudadanía.

Colaboración institucional que también se materializó en el Real Patronato de la Ciudad de Santiago, reunido este pasado 25 de julio, bajo la presidencia de honor de su majestad el Rey, después de 18 años.

La reunión de este órgano, con la presencia en Santiago del jefe del Estado, el presidente del Gobierno, el presidente de la Xunta, varios ministros y ministras del Gobierno de España y las principales autoridades de la ciudad, da buena muestra de la trascendencia de la capital de Galicia.

Los proyectos en los que se irá materializando la “Propuesta estratégica plurianual del Consorcio de Santiago para el período 2021-2027-2032 `Camino de Compostela 2032””, aprobada por el Real Patronato, permitirá convertir la ciudad en la Compostela del siglo XXI.

Una ciudad inteligente, moderna, integradora, con capacidad para facilitar la vida y colmar las necesidades de sus habitantes.

De todos ellos, pero especialmente de los más jóvenes, que durante muchos años se han visto obligados a labrarse un futuro lejos de su hogar por falta de oportunidades. El Santiago, la Galicia y la España del siglo XXI tiene que poder dar soluciones a quienes deseen vivir aquí.

-

Señor Santiago, patrón de Galicia e de España, acudo ante ti nun momento difícil e desacougante.

Cando pensabamos que a covid xa case era cousa do pasado, esta enfermidade obstinada e tenaz volve para lembrarnos a nosa fragilidade.

Ben sei que é duro, pero debemos seguir loitando sen desfalecer. Todos xuntos, codo con codo. Non me cabe dúbida de que, como sociedade, seremos capaces de vencer neste desafío, un dos maiores, senón o maior, aos que nos tivemos que enfrontar nos últimos tempos.

A solución comeza en cada un de nós. Estamos obrigados a actuar con responsabilidade individual sen fiar unicamente un resultado satisfactorio ás medidas restritivas establecidas polas autoridades competentes.

Os distintos gobernos, dentro das nosas respectivas competencias, seguiremos facendo todo o que está nas nosas mans co firme obxectivo de erradicar este virus.

Son moitos e moitas, demasiados, os que xa non chegaron ata aquí. Con todos eles está o noso pensamento. Vaia tamén para as súas familias e amizades o noso máis sentido pésame e o noso alento.

Hai un ano, a esperanza da vacina comezaba a materializarse. Hoxe, máis do 80% da poboación española recibiu a pauta completa. Case o 90%, no caso da galega. Pero aínda así, 368 días despois de inoculada a primeira dose, son moitos os que non están vacinados.

Algúns porque viven en países nos que o acceso a este tipo de tratamentos está reservado a unha minoría privilexiada. Non podemos esquecernos deles. A nosa obriga moral como

sociedade é procurar o benestar de todos os cidadáns e cidadás do planeta, con independencia de onde naceron ou da riqueza que atesouren.

Outros, aínda tendo acceso e todas as facilidades, decidiron non vacinarse. Vivimos nunha sociedade global onde se respeta a liberdade individual, pero ésta non debe poñer en risco a saúde do resto da cidadanía, nin comprometer a viabilidade do sistema sanitario. Fago, de novo, un chamamento á responsabilidade individual e colectiva.

Á saída á crise sanitaria únese a necesidade de recuperar aqueles sectores económicos que se viron máis afectados. Abordar e tratar as secuelas económicas da pandemia continúa a ser unha das nosas principais preocupacións. As axudas recibidas a través do fondo europeo de reconstrución poden e deben ser un gran incentivo e apoio para avanzar na posta en marcha de medidas de reactivación que nos permitan afrontar o futuro con confianza.

A prolongación do Ano Santo durante o 2022 debe converterse nun acicate máis para poder superar esta situación. Agradezo novamente ao Papa Francisco a súa decisión de ampliar o horizonte xacobeo para poder encarar así o proxecto xubilar con maiores garantías.

En Santiago estamos preparados e recibiremos cos brazos abertos aos turistas e peregrinos que decidan visitarnos o vindeiro ano. Compostela foi sempre e seguirá sendo unha cidade hospitalaria e amigable.

Pero a pandemia está provocando tamén outro tipo de secuelas. Máis difíciles de detectar, pero igualmente graves. As incertezas, as restricións, as perdas....sostidas durante tanto tempo están deixando unha fonda pegada psicolóxica na sociedade. Debemos estar moi atentos e destinar os recursos necesarios para facerlle fronte.

-

Non podemos esquecernos doutros problemas que, se ben parece que pasaron a un segundo plano por mor da pandemia, teñen que seguir preocupándonos e ocupándonos.

A violencia machista continúa a golpear nos. Esta lacra ten que ser erradicada de raíz e nese empeño temos que estar, sen ningún xénero de dúbida, as institucións e os seus gobernantes.

Non podemos tolerar nin un asasinato máis e, como sociedade, non podemos mirar cara a outro lado. É imprescindible seguir avanzando, sen pasos atrás, na consecución dun mundo no que a igualdade entre homes e mulleres sexa real e efectiva.

Acabar co desemprego segue sendo un obxectivo prioritario. Temos que potenciar aqueles sectores que supoñan un elemento diferencial, que nos fagan destacar e que nos leven pola senda do progreso económico.

A innovación, a tecnoloxía, o emprendemento ou a dixitalización son instrumentos esenciais para acadar este obxectivo.



A educación e o esforzo individual e colectivo serán, sen dúbida, a base sobre a que poderán frutificar e sobre a que poderemos construír un país e unha sociedade mellor e máis próspera. Nesta tarefa afanarémonos especialmente.

A loita contra o cambio climático e a perda da biodiversidade tamén esixen a nosa atención e acción.

Ao igual que a erradicación da pobreza e da desigualdade económica.

En definitiva, debemos seguir avanzando cara a unha sociedade máis tolerante e máis xusta, na que todo o mundo teña cabida.

-

Santo Patrón, coida de España e de Galicia, desta túa cidade, dos peregrinos que acoden á túa casa, da Familia Real, tamén da corporación e do persoal municipal.

Coida especialmente dos que nos coidan: dos sanitarios e sanitarias, os que máis de preto viviron e seguen vivindo as consecuencias da covid. Coida de todas e todos nós.

Guía tamén os nosos gobernantes e dirixentes para que acerten nas decisións a tomar e fagan prevalecer sempre o interese xeral sobre calquera outra consideración.

Apóstolo Santiago, axúdanos neste empeño.